



# PLAN DIXITAL

**CEIP Plurilingüe**

**Gándara Sofán**

**Carballo (A Coruña) 2022**

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

<b>1</b>	<b><u>Introdución</u></b>	
1.1	Datos básicos do centro	3
1.2	Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro	3
1.3	Breve xustificación do mesmo	4
1.4	Proceso de elaboración	5
<b>2</b>	<b><u>Situación de partida</u></b>	
2.1	Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais	5
2.2	Fontes empregadas para a análise DAFO	6
2.3	Análise DAFO	10
<b>3</b>	<b><u>Plan de Acción</u></b>	
3.1	Obxectivos, indicadores e accións	12
3.2	Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas	19
<b>4</b>	<b><u>Avaliación do PD</u></b>	
4.1	Seguimento do Plan de Acción e propostas de mellora	19
<b>5</b>	<b><u>Difusión do PD</u></b>	20

# 1 Introducción

## 1.1 Datos básicos do centro

Nome do centro: CEIP Gándara-Sofán.

Dirección: Gándara s/n; 15108 Carballo (A Coruña)

Correo electrónico: [ceip.gandara.sofan@edu.xunta.gal](mailto:ceip.gandara.sofan@edu.xunta.gal)

Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgandarasofan/>

O CEIP Plurilingüe Gándara-Sofán, é un centro dunha liña, cunha plantilla de profesorado definitiva que abrangue dende os dezaseis aos vinte mestres, dependendo das necesidades do centro ano a ano.

Ubicado na zona rural do Concello de Carballo, o alumnado é moi heteroxéneo, xa que ven tanto da vila de Carballo como das parroquias de Sofán, Artes e Verdillo; polo que proceden de entornos familiares tamén moi heteroxéneos, predominando a clase media-baixa, tanto no ámbito social como económico.

O centro conta con servizo de madrugadores, comedor, actividades extraescolares e transporte.

Nestes últimos cursos o centro ten varios proxectos en marcha, entre eles, por destacar algúns, Erasmus+, lingua de signos, prensa e radio dixital, proxecta, contratos programa.

## 1.2 Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

A maioría dos proxectos ou microproxectos que traballamos no centro sae da coordinación da Comisión Pedagóxica, onde se ten en conta, como punto de partida o Plambe, o proxecto de dinamización da lingua galega e os proxectos de formación de centro,. son a base neurolóxica da nosa CCP; dentro dos proxectos de formación de centro, hai varios itinerarios, onde se traballan as novas tecnoloxías e a internacionalización do centro a través de ferramentas como: Prensa dixital, radio e fotografía.

Asimesmo traballamos Edixgal, as aulas virtuais e tamén o blogs que ten cada ciclo e departamentos do centro.

Por outro lado, estamos implantando a lingua de signos, tanto de xeito presencial como virtual.

O programa Eduexchanges, ou conexións en lingua estranxeira con outros centros educativos de Europa; o proxecto Erasmus+.

Toda esta serie de proxectos que se abarca dende a CCP, está moi presente a dixitalización e as novas tecnoloxías, traballando esta competencia de xeito interdisciplinar e que polo tanto, marca a liña a seguir dentro do noso PE.

Entendemos que a través do Plan dixital, a PXA do curso 2022/2023, virá marcada pola formación ao profesorado, no noso caso, unha actualización da nosa imaxe cara ó exterior a través da web, dispoñibilidade de ferramentas dixitais para profesorado e alumnado e mellora na conectividade do centro.

### **1.3 Breve xustificación do mesmo**

A normativa en relación co Plan Dixital do noso centro:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

## 1.4 Proceso de elaboración

Dende o equipo directivo, coa coordinadora TIC, e en colaboración con todos os integrantes do equipo TIC, abórdouse o tema de colaborar para a elaboración do Plan Dixital, así que se estableceu un calendario de traballo, que se reunía os luns, de 17:00 a 20:00, para así, entre todos poder abordar a súa creación aunando os distintos puntos de vista e criterios, a través dun borrador de Google doc, onde poder aportar todos a un tempo.

## 2 Situación de partida

### 2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Como comentaba anteriormente, o colexio está ubicado nunha zona rural, con todo o que conleva iso, este ano houbo un traspaso de compañías telefónicas, polo que actualmente é a compañía Movistar a que se encarga de servirnos o cableado de internet. Pero houbo un percance no intercambio, e ata novo aviso nós seguiremos ca compañía Orange, que nos sirve internet a través de antena parabólica, que recolle ao sinal nunha torre que se atopa noutro concello, e ás veces, tapada polos montes. Isto trae como consecuencia que os días malos metereoloxicamente, o servizo de internet e telefonía está con vaivenes dixitais, é dicir, a conectividade depende das condicións meteorolóxicas.

En canto a dotación de equipamentos dixitais, temos que comentar, que grazas ao esforzo, realizado polo colexio, pola compra de varios portátiles, tablets, altofalantes, proxectores e os compoñentes da radio escolar, con gastos de funcionamento, a súa dotación é normal, aínda que temos que intentar unificar as caixas de conexións e os distintos aparatos informáticos. Dentro de todo este maremagnum, temos tres aulas dixitalizadas con E-dixgal, e en todas as aulas do centro teñen pizarras dixitais co seu equipo; tamén temos 20 tablets e 4 portátiles a maiores para traballar con alumnado.

O problema radica en que ese equipamento é de varias marcas; a aula ALFIN, desapareceu para dar paso a unha aula de desdobre, e como consecuencia os ordenadores de sobremesa están infrautilizados, tanto dirección, secretaría, xefatura, radio, o departamento de Orientación, o de E. Física, biblioteca contan con equipos informáticos, para a xestión diaria, e grazas aos nosos proxectos temos unha estación de radio escolar.

Antes de continuar hai que dicir que a maioría dos equipos informáticos son obsoletos, polo que estamos a espera do futuro plan de dixitalización da consellería, vai a levar a cabo cos equipos adicados a administración.

No tocante os servizos dixitais educativos; comentaremos que o centro dispón de todos os servizos ofertados pola consellería, a saberdes: páxina web, varios blogs (ciclos, departamentos e proxectos educativos), E-dixgal, Agueiro, espazo Abalar, Abalarmóbil; así como outros aloxados en páxinas externas ó centro: YouTube, ivoxx, SlideShare, Canva, etc; todo isto co permiso parental. Así mesmo, contamos con todos os protocolos esixidos pola consellería de educación en materia TIC (Plan de continxencia, etc)

Para a axuda do mantemento do equipo informático e dos servizos dixitais educativos, o centro contratou o servizo externo dun informático, a cargo tamén dos gastos de funcionamento.

## 2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO


**Autoavaliación SELFIE: resumo das áreas** do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	3.4
	Profesorado	4.1
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.4
	Profesorado	3.6
	Alumnado	3.6
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4.7
	Profesorado	4.2
	Alumnado	3.9
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4.1
	Profesorado	4.1
	Alumnado	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4.3
	Profesorado	4.1
	Alumnado	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.8
	Profesorado	3.5
	Alumnado	3.4
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3.2
	Profesorado	3.1
	Alumnado	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.8
	Profesorado	3.6
	Alumnado	3.7

**Contido da cada unha das áreas do SELFIE**


### C. Infraestructura y equipos

Las preguntas de esta área se centran en la infraestructura (p. ej., equipos, software, conexión a internet). Disponer de una infraestructura adecuada, fiable y segura puede permitir y facilitar el empleo de prácticas innovadoras de enseñanza, aprendizaje y evaluación.




### D. Desarrollo profesional continuo

Las preguntas de esta área se centran en la manera en que el centro apoya el desarrollo profesional continuo (DPC) de su personal a todos los niveles. El DPC puede respaldar el desarrollo y la integración de nuevos modelos de enseñanza y aprendizaje que utilicen tecnologías digitales para lograr mejores resultados de aprendizaje.




### A. Liderazgo

Las preguntas de esta área se centran en el papel que desempeña el liderazgo en la integración de las tecnologías digitales a nivel de centro educativo.



### B. Colaboración y redes

Esta área se centra en las medidas que los centros educativos pueden aplicar para promover una cultura de colaboración y comunicación para compartir experiencias y aprender de manera efectiva dentro y fuera de la organización.




### E. Pedagogía: Apoyos y recursos

Esta área se centra en la preparación del uso de las tecnologías digitales para el aprendizaje mediante la actualización e innovación de las prácticas de enseñanza y aprendizaje.




## F. Pedagogía: Implementación en el aula

Esta área se centra en la implementación en el aula de las tecnologías digitales para el aprendizaje, actualizando e innovando en las prácticas de enseñanza y aprendizaje.




## H. Competencias digitales del alumnado

Esta área estudia el conjunto de habilidades, conocimientos y actitudes que permiten al alumnado el uso desvelto, creativo y crítico de las tecnologías digitales.



## G. Prácticas de evaluación

Esta área se refiere a las medidas que los centros podrían considerar para sustituir la evaluación más tradicional por un conjunto de prácticas más amplio. Dicho conjunto podría incluir prácticas de evaluación facilitadas por la tecnología centradas en el alumno o alumna, personalizadas y auténticas.





**Test CDD:** Inclúe a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro. Tamén reflicte o recollido na táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante no TestCDD.

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	<u>10</u>	<u>13</u>	<b>76,9%</b>
<b>PROVISIONAL</b>	<u>3</u>	<u>3</u>	<b>100%</b>
<b>INTERINO</b>	<u>1</u>	<u>1</u>	<b>100%</b>
<b>SUBSTITUTO</b>	<u>2</u>	<u>3</u>	<b>66,7%</b>
<b>DESPRAZADO</b>			

### 2.1 Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>64,7</b>	<u>Explorador/a(A2)</u>	<b>76,4</b>	<u>Integrador/a(B1)</u>

### 2.2 Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>Inf.</b>	76,7	<i>Integrador/a(B1)</i>	<b>68,2</b>	<i>Integrador/a(B1)</i>
<b>Pri.</b>	65,5	<i>Integrador/a(B1)</i>	<b>77</b>	<i>Integrador/a(B1)</i>

### 2.3 Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>		
<b>A2</b>	<b>10</b>	<b>62,5%</b>
<b>B1</b>	<b>5</b>	<b>31,3%</b>
<b>B2</b>	<b>1</b>	<b>6,3%</b>
<b>C1</b>		
<b>C2</b>		
<b>TOTAL</b>	<b>16</b>	<b>100,1%</b>

### 1.3 Participación segundo perfil do profesorado

	N <sup>a</sup> profesorado que participa	N <sup>o</sup> profesorado total	% de participación
<b>Definitivo</b>	<b>10</b>	<b>13</b>	<b>76,9%</b>
<b>Interino</b>	<b>1</b>	<b>1</b>	<b>100%</b>
<b>Provisional</b>	<b>3</b>	<b>3</b>	<b>100%</b>
<b>Substituto</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>66,7%</b>

**Outras fontes:** Enquisas realizadas ás familias no inicio do curso sobre o uso de tecnoloxías no entorno familiar e tamén da dispoñibilidade das mesmas na unidade familiar. Conectividade nos domicilios.

### 2.3 Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	<b>INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO</b>	Somos un centro Edixgal (5º/6º teñen ordenadores), existe un grupo de traballo cun proxecto relacionado coas competencias dixitais, dotación de 25 tablets (unha por alumno). En relación á programación informática e robótica, temos varios equipos maker para todos os niveis educativos. Todas as aulas están dotadas con PDI, portátil, altofalantes e proxectores.	Somos un centro do ámbito rural, polo que a conexión ás veces non é boa. Cando falla algo dependemos que persoal externo veña arranxalo. Instalacións non unificadas, en canto ás conexións e cableado, en todas as aulas. Equipos e instalacións anticuadas algunhas clases.
	<b>PERSOAL DOCENTE</b>	Persoal xoven e aberto á innovación. O 80% do profesorado é definitivo no centro. Implicación nos proxectos dixitais do centro.	Falta de formación de nivel na tecnoloxía dixital no profesorado. Falta de tempo no horario lectivo para adicación ás tecnoloxías dixitais. Falta de horario para coordinación de actividades conxuntas no ámbito dixital. Esquecemos como facer cousas que xa sabíamos polo que necesitamos un repositorio de todos os procedementos básicos que necesitamos saber facer cada ano e tamén para cando ven profesorado novo poida acceder a el (aula virtual, radio, web e blog do centro...).
	<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>	Implicación e colaboración coa actividade lectiva e complementaria do centro.	Non é persoal propio da consellería, polo que ás veces a xornada está limitada para certas actividades. Falta de formación de nivel na tecnoloxía dixital.
	<b>ALUMNADO</b>	O alumnado ten mentalidade aberta cara as novas tecnoloxías, así como unha motivación extra hacia actividades relacionadas cas competencias dixitais. As aprendizaxes son máis motivadoras e participativas para o alumnado.	Alumnado de ámbito rural, onde a conexión a internet é baixa ou mala. Alumnado moi expostos ás tecnoloxías no seu tempo de lecer e con escasa posibilidade de supervisión da familia. Exceso de información carecendo de criterios obxectivos.
	<b>FAMILIAS</b>	Familias implicadas na educación dixital. Colaboración entre familias e resto da comunidade educativa. Esfuerzo por parte das familias no dominio das tecnoloxías dixitais no ámbito educativo.	Familias de ámbito rural, onde a conexión é mala ou baixa; e de ámbito socio-cultural medio baixo. Familias nas que os membros traballan polo que deixan a cargo dos avós o tempo de lecer dos seus fillos. Emprego das tecnoloxías coma entretemento e lecer sen obxectivos educativos.
	<b>OFERTA</b>	Oferta de proxectos con distintas competencias dixitais (prensa, radio, fotografía, etc.) No traballo de aula, utilízanse as TIC, na medida que se pode, en canto a tempo e recursos. Fíxose un esforzo por parte do centro, en canto á adquisición de equipos, tablets e dispositivos dixitais.	Somos un centro pequeno e rural, fronte aos centros urbanos do noso concello estamos en desvantaxe. Falta de horario para darlle máis saídas e visibilidades aos proxectos. A maioría das formacións son enfocadas a niveis superiores e non serven para aplicar no día a día, sobre todo na etapa infantil. Os mestres comentaron que precisan formación sobre: facer as súas propias actividades en plataformas como Genially ou CANVA (tendo en conta que moitas ferramentas son de pago), elaborar vídeos recompilando actividades, fotos...
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	Planificación de horario. Planificación de recursos humanos. Planificación de recursos materiais. Existe un grupo de traballo para a mellora na xestión do centro, de ahí naceron os novos proxectos dixitais. Mudamos no xeito administrativo diario e tamén na inmersión dixital da nosa comunidade educativa. Proxecto Erasmus+ SOFAN DIXITAL.	Falta de horario para as coordinacións entre os mestres, entre mestres e familias, e entre os respectivos membros da comunidade educativa, non hai un "tempo" para adicar á reflexión e organización no uso de ferramentas dixitais de xeito conxunto, nin para a elaboración de repositorios.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Diversificación de proxectos educativos. Centro pequeno pero con oferta dixital (prensa+radio), Erasmus+ SOFAN DIXITAL	Desconexión dixital ou mala cobertura para manter plataformas de videoconferencia. Cambios de profesorado ou calquera integrante na plataforma educativa que poida dar lugar a unha reestruturación dos proxectos que se levan a cabo ao longo prazo. Falta de oferta pública de formación dixital adaptada ao nivel de primaria e infantil, é de pago. Actualización nos recurso dixitais que ofrecen as webs oficiais dos centros.
	LEXISLACIÓN	Amparo legal para a realización das actividades propostas, non en todos os casos	Cambios de lexislación cada certo tempo. o que nos priva dunha continuidade educativa para levar a cabo certos proxectos. Non sempre se ofertan recursos oficiais para contidos que precisan de plataformas externas (YouTube).
	CONTORNA	Colexio pequeno ubicado no ámbito periurbano e rural, onde o alumnado pode vivir de cerca os distintos lados: urbano e rural., coas vantaxes do rural	Falta de infraestruturas para ter unha boa conexión a banda dixital. Existen tamén as súas desvantaxes (illamento) con respecto a actividades ofertadas nos centros urbanos.
	ANPA	Coordinación moi boa entre a ANPA e os distintos sectores da comunidade educativa. Planificación de actividades coordinada cos mestres.	A maioría das familias asociadas apenas van as reunións que soen realizar a directiva polo que a participación na vida escolar é escasa. Necesidade de vincular ás familias nos proxectos dixitais.
	OUTRAS ENTIDADES	Colaboración con diversas entidades para levar a cabo os proxectos do centro, xa sexa presencialmente ou dixitalmente.	Falta de infraestruturas para ter unha boa conexión a banda dixital, que permiten realizar as actividades propostas nese intre.

### 3 Plan de Acción

#### 3.1 Obxectivos, indicadores e accións.

- Detectar as necesidades existentes coa análise das debilidades e outros datos existentes no centro educativo.
- Contextualizar, que queremos mellorar ou conseguir?
- Coas nosas fortalezas, intentar revertir as ameazas que ten o centro en materia dixital (p.ex. somos centro Edixgal polo que o equipamento pode axudar a certas desvantaxes con outros centros do ámbito urbano, para acceder a certas actividades)
- Mellorar as oportunidades de competencia dixital e outros valores interdisciplinares para alumnado e profesorado.

## Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

<b>“Área/s de mellora”: DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO</b>						
<b>1. OBXECTIVO (1):</b>	Implementar un plan de formación adaptado ás necesidades reais do centro, profesorado e proxectos do centro				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	EQUIPO TIC_ EQUIPO DIRECTIVO				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Porcentaxe de profesorado implicado na formación que se ofrece no centro e nos proxectos TIC					
<b>Valor de partida (3)</b>	Menos do 20% do profesorado está implicado na formación que se ofrece no centro e nos proxectos TIC no curso 2021/2022.					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Máis do 50% do profesorado está implicado na formación que se ofrece no centro e nos proxectos TIC no curso 2022/2023.			30/06/2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>AO1.1: Reunión claustro para fixar as necesidades reais de formación.</b>	Equipo Directivo	30/09/2022	Partida orzamentaria de tic Inventario do centro Enquisa de coñecementos previos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.2: Buscar o consenso en canto ás ferramentas dixitais de interese para o profesorado</b>	Claustro	31/10/ 2022	Informe de necesidades en base aos datos obtidos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

<b>e os proxectos.</b>						
<b>AO1.3: Formación de grupos de traballo e equipos relatores da actividade.</b>	<b>Claustro e ED</b>	<b>30/06/2023</b>	<b>Cuadrante de horario de traballo do profesorado. Relatores</b>		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

**“Área/s de mellora”: COLABORACIÓN E REDES**

<b>2.OBXECTIVO (1):</b>	<b>Crear un repositorio de recursos dixitais e titoriais para o uso das ferramentas máis utilizadas no ámbito educativo</b>			<b>Acadado</b>		
<b>RESPONSABLE:</b>	<b>EQUIPO TIC</b>			<b>Non acadado</b>		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	<b>Porcentaxe de profesorado usuario do repositorio de recursos dixitais e uso de ferramentas (Instrumento de medida:enquisa)</b>					
<b>Valor de partida (3)</b>	<b>Non hai rexistro do uso do repositorio de recursos dixitais existente, en enquisas..</b>					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	<b>Máis do 50% do profesorado utilizan o repositorio de recursos dixitais e titoriais..</b>	<b>30/06/2023</b>				
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>A02.1: Reunión do claustro para detectar necesidades e valorar coñecementos previos.</b>	Equipo TIC	30/09/ 2022	Partida orzamentaria adicada ás TIC Enquisas de coñecementos previos		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A02.2: Reparto de tarefas por parte do equipo TIC e asignación de grupos de traballo</b>	Claustro/Equipo TIC	30/11/ 2022	Ordenadores, profesorado.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
	Claustro/Equipo TIC	30/06/2023			<b>Realizada</b>	

<b>AO2.3: Creación do repositorio de recursos dixitais polos grupos de traballo</b>			<b>Ordenadores, tablets e equipos Profesorado</b>		<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	



**“Área/s de mellora”: INFRAESTRUTURAS E EQUIPOS**

<b>3. OBXECTIVO (1):</b>	<b>Aumentar a conectividade no centro e homoxeneizar as conexións e equipos en todas as aulas.</b>				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	<b>EQUIPO TIC_ EQUIPO DIRECTIVO</b>				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	<b>Número de incidencias semanais na conectividade do centro Igualdade de servizos en todo o centro (departamentos, aulas).</b>					
<b>Valor de partida (3)</b>	<b>Mas de tres incidencias na semana</b>					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	<b>Non se rexistran incidencias na semana</b>				<b>30/06/2023</b>	
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRIPCIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>A03.1: Recabar un informe inicial de conectividade no centro</b>	<b>Equipo Directivo/Equipo TIC</b>	<b>31/10/ 2022</b>	<b>Informe de aula/departamento por parte do profesorado.</b>		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A03.2: Remitir informe de necesidades ao servizo educativo correspondente.</b>	<b>Equipo Directivo</b>	<b>30/11/ 2022</b>	<b>Administración</b>		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A03.3: Posta en marcha da homoxeneización das conexións nas aulas</b>	<b>Equipo Directivo</b>	<b>30/06/2023</b>	<b>Informático Partida orzamentaria</b>		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

## Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

<b>“Área/s de mellora”:</b> LIDERADO						
<b>4. OBXECTIVO (1):</b>	<b>Actualizar e mellorar a visibilidade dos blogs, webs e outros espazos dixitais do centro.</b>				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	<b>EQUIPO TIC_ EQUIPO DIRECTIVO</b>				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	<b>Número de entradas/visitas por parte da comunidade educativa e outros na web, blogs e outros espazos dixitais (Contador de visitas) (Enquisas de satisfacción)</b>					
<b>Valor de partida (3)</b>	<b>Número de visitas á web inferior ao 20% do total dos membros da comunidade educativa.</b>					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	<b>Incremento nun 30% nas entradas/visitas aos distintos espazos da web.</b>			<b>30/06/2023</b>		
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>A04.1: Proposta dunha nova páxina web en base aos puntos febles detectados.</b>	Equipo TIC	Xaneiro 2023	Persoal especializado. Webs Dinámicas		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A04.2: Dar visibilidade á nova imaxe do centro a</b>	Equipo Directivo/Equipo TIC	Febreiro/Marzo 2023	Prensa, redes sociais, Abalar		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

<b>través da web e os blogs</b>						
<b>AO4.3: Dar un impulso ao blog SOFÁN DIXITAL</b>	<b>Equipo TIC e profesorado</b>	<b>Todo o curso</b>	<b>Tablets/ordenadores/sala de radio Profesorado e alumnado</b>		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

## 3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

En primeiro lugar, e agora mesmo, consideramos que o mais primordial é que temos que mellorar as infraestruturas de conexión que temos actualmente, esperemos que a nova concesionaria xestione os problemas derivados do intercambio para dotar ó centro dos recursos de conectividade esperados pola comunidade educativa.

En segundo lugar actualizar os equipos obsoletos existentes no centro para adecualos ao nivel dixital que queremos outorgar ó noso alumnado, ao abeiro disto, vemos que a unificación de marcas dos equipos e caixas de conexións traerán un aforro no tempo adicado a tarefas puramente mecánicas e tamén unha boa optimización tanto dos recursos humanos como dos recursos dixitais.

A modernización dos sistemas dixitais para facelos máis atractivos ao persoal e alumnado.

Precisaríase equipos novos na biblioteca con conexión a internet, solo hai dous postos para o alumnado.

Os equipos da sala de profesores son antigos, tamén precisan renovación, hai dous postos pero farían falta polo menos catro.

## 4 Avaliación do plan

### 4.1 Seguimento do Plan de Acción e propostas de mellora

O procedemento de avaliación será continuo e final.

Continuo (avaliación procesual) pois mínimo unha vez por trimestre, se reunirá os integrantes da Comisión de seguimento (equipo directivo e equipo TIC) para revisar e constatar a súa boa evolución tanto na execución como nos resultados, para iso comprobarase a análise e valoración destes (a través dun feedback) polos medios que se definirán para realizalo.

Tanto se a evolución da execución dos obxectivos é boa ou mala, sempre se poderá introducir as melloras que así se consideren oportunas cambiar, ou cales remarcar aínda máis.

Final: esta avaliación se fará ó rematar o curso, para comprobar se os logros e obxectivos se levaron a cabo, tendo en conta, as revisións feitas na avaliación procesual, incluíndo as melloras, de seres o caso, introducidas para alcanzar os obxectivos.

Éstes marcarán o punto de partida do seguinte plan dixital, que se implantaría o vindeiro curso, que no caso de non alcanzarse os obxectivos propostos, serán revisados en profundidade para saber o porqué e como poder adquirilos.

*O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, será:*

- *No contexto da **avaliación procesual**, a frecuencia do seu seguimento será dunha*
- *reunión de equipo todos os primeiros luns de cada mes en horario de 17:00 en adiante. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.*
- *No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será ao rematar o mes de maio e antes do comenzo das avaliacións e a execución de memorias, para poder recoller estes datos para o seu análise e posterior aplicación nos seguintes plans.*

*Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora en cada área.*

## **5 Difusión do plan**

O abeiro da reforma do ROC, e a súa implantación no curso 2022/2023, serán reformados toda a documentación pertinente do centro, a saberdes, PE, NOF, e tamén os distintos plans de actuación ; polo que o Plan Dixital será incluído xa, dentro dos documentos educativos do centro.

Toda esta documentación, incluída o Plan Dixital, está a disposición de toda a comunidade educativa na páxina WEB do centro, así como se insta a toda comunidade educativa para botarlle unha ollada e preguntar as dúbidas que poidan xurdir despois da súa lectura, para que sexan resoltas, tamén estarán a disposición na aula virtual do centro, onde se abrirá unha caixa de suxestións, dúbidas e comunicación con toda a comunidade, neste caso difundirase adecuadamente a toda comunidade educativa a través de Abalarmóbil, no primeiro claustro e consello escolar do curso, a profesorado, alumnado e membros do consello.